Si bien de acuerdo con el Texto Refundido de la Ley del Suelo Estatal, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008 de 20 de Junio y en concreto en el Art. 12.4. Es Suelo Urbanizado por estar incluido en los núcleos rurales tradicionales y reconocidos por el propio PGOM atribuyéndosele la condición de **SUELO URBANO** o asimilado al contar con las dotaciones, infraestructuras y servicios requeridos al efecto. Por lo que, al tener esta condición y tratarse de una parcela situada en Suelo de Núcleo Rural, con todos los servicios que requiere la ley, se le considera como **Solar** a los efectos.

13.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (PARCIAL) DE VIVENDA UNIFAMILIAR (LICENZA DE OBRA Nº 16/06 - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 12/01/2006). LUGAR: LUGAR DE A REVOLTA, Nº 43, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA). PROMOTORA: LAURA VÁZQUEZ GONZÁLEZ

VISTA a solicitud de licencia de primeira ocupación (parcial) para VIVENDA UNIFAMILIAR construída ao amparo da licenza de obra nº 16/06 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2006), da que é promotora LAURA VÁZQUEZ GONZÁLEZ



(inicialmente ESPERANZA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ), emito o seguinte informe, cumprindo así co disposto no e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** con data **31 de xaneiro de 2023** tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación onde fai constar que que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente, o informe emitido con data **3 de febreiro de 2023** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **6 de febreiro de 2023** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna.Laura Vázquez González LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN (PARCIAL)** para vivenda unifamiliar semisoto, planta baixa, planta primeira e baixocuberta construída ao amparo da licenza de obra nº 16/06, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 12 de xaneiro de 2006, sita no Lugar de A Revolta nº 43, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A019015240003ZH, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de decembro de 2022 asinados polo arquitecto D. Marcos Plazuelo López, (arquitecto col. nº 4.955) e polo arquitecto técnico D. Diego Barreiro García (col. nº 740), **Memoria Estado Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de novembro de 2022, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Instalación de Electricidade, Certificado de Eficiencia**.

SEGUNDO.-O interesado deberá actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JESÚS PAZ GONZÁLEZ POLOS DANOS SUFRIDOS EN DOUS PORTAIS POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2022 RESP000003.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JESÚS PAZ GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 07 de febreiro de 2022, os operarios municipais atopábanse realizando labores de roza e limpeza no lugar de Martín.

Durante a realización das citadas labores, saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar unhas pedras de pequeno tamaño, que foron a bater contra dous portais de aluminio situados no citado lugar de Martín.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/02/2022, D. Jesús Paz González, con DNI número 52930735F, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o arranxo dos danos ocasionados nos portais da súa propiedade por mor das tarefas de limpeza e roza realizadas polos operarios municipais, que cuantifican na contía total de 665,50 euros, segundo orzamento de reparación emitido na data 25/03/2022 pola entidade "Cerrajería Vila".

Co seu escrito de reclamación achega varias fotografías dos danos ocasionados.

Posteriormente, e mediante escrito rexistrado de entrada na data 29/03/2022 co número 5.762, o Sr. Paz González achega o orzamento de reparación dos danos, emitido pola entidade "Cerrajería Vila" na data 25/03/2022, así como copia de escritura de compravenda, autorizada polo Notario de Ribeira, D. Santiago Botas Ramos, na data 25/05/2017 co número 363.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido polo servizo causante do dano na data 14/09/2022.
- Informe emitido na data 15/09/2022 pola Policía Local.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-



Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-



FIRMANTE - FECHA



En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcurrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser propietario do inmovible danado**, como así consta na escritura de compravenda autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Santiago Botas Ramos, na data 25/05/2017, co número 363 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos nos dous portais propiedade do Sr. Paz González. Así se deduce do orzamento de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de roza e limpeza.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, como así consta no informe emitido na data 15/09/2022:** “(...) 1º.- Se tuvo conocimiento de los hechos a través de una llamada telefónica, de que en el lugar de Martín s/n y frente al nº 4, los trabajadores municipales que habían estado desbrozando en el lugar por la mañana habían provocado unos daños en los portales de acceso a dicha propiedad. **2º.- Personados en el lugar se comprueba que los portales presentan unos daños, consistentes en pequeños golpes y desconchones provocados posiblemente por la proyección de las piedras al realizar las tareas de desbroce**”
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 14/09/2022 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** “En relación al expediente de referencia se afirma que, efectivamente, tal y como asegura el reclamante en su escrito presentado el día 11/02/2022, **el día 07 de febrero de 2022, los operarios de desbroce estuvieron realizando labores de este tipo en el lugar de Martín, de este término municipal, y durante las mismas se ocasionaron daños en dos portales situados en el citado lugar. Se dio cuenta de lo sucedido a la Policía Local.**”

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos nos portais situados no lugar de Martín, s/n, propiedade do reclamante e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.



Respecto ao *quantum* a indemnizar, estímase en 665,50 euros, que é o importe total dos danos que consta no orzamento de reparación que achega o reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/02/2023, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/02/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JESÚS PAZ GONZÁLEZ, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 665,50 euros, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscriba polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 515,50 euros.

15.- VAO PERMANENTE – Gerardo Manuel Fernández Susavila

Visto o escrito presentado por Alberto Pérez Sampedro en representación de **Gerardo Manuel Fernández Susavila**, de data 09/02/2023 (Rexistro de entrada nº 3.638), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado en Lugar de O Carreiro, nº 6 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/02/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Gerardo Manuel Fernández Susavila**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmobile situado en Lugar de O Carreiro, nº 6 (Aguiño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

16.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – Persoal Técnico Oficinas Turismo

VISTA a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio**, Ramón Doval Sampedro, de data 17/02/2023, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 32, de data 15/02/2023).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo por un período mínimo de catro meses durante o ano 2023”..
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

17.- REINTEGRO GASTOS DE ACOLLIDA EN VIVENDAS ÁS FAMILIAS REFUXIADAS DE UCRAINA.

Vista a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 01/02/2023, relativa á justificación de gastos e aprobación de pago derivados do programa de reintegro de gastos de acollida ás familias refuxiadas de Ucraína (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/04/2022).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a justificación e pago dos gastos derivados do programa de reintegro de gastos de acollida ás familias refuxiadas de Ucraína aos titulares das vivendas cedidas, por importe total de 939,84 €, e segundo o contido da citada proposta.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (CONCERTO) EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Rodrigo Fresco Triñanes

VISTO o escrito presentado por **Rodrigo Fresco Triñanes**, en representación do establecemento Bar “Pequeño”, de data 16/02/2023 (Rexistro de entrada nº 4.152), no que solicita permiso para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro Bar “Pequeño” (Corrubedo), o día 25 de febreiro de 2023, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Rodrigo Fresco Triñanes, para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro Bar “Pequeño” (Corrubedo), o día 25 de febreiro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de



Ribeira", aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

"(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión "Vermú": entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

"(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de Bar "Pequeño" (Corrubedo) (**Rodrigo Fresco Triñanes**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades,



o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimismo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimismo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**19.- DACIÓN DE CONTA AUTO Nº 148/2022 DO XULGADO
CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Auto nº 148/2022 do Xulgado do Contencioso/Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, de data 15/12/2022, no que se acorda a desestimación do incidente promovido pola representación procesal de Viaqua Gestón de Aguas de Galicia, S.A.U. (Procedemento: PFE Incidente de Ejecución 6/2021 0001EJD Ejecución Definitiva 6/2021)

**20.- DACIÓN DE CONTA SENTENZA Nº 373/2022 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 373/2022 do Xulgado do Social nº1 de Santiago de Compostela, de data 22/12/2022, pola que se estima integramente a demanda (Procedemento Ordinario 142/2021) interposta por Don Gonzalo Grovas Mayo contra o Concello de Ribeira, declarando que o demandante está vinculado ao Concello de Ribeira por unha relación laboral indefinida non fixa discontinua.

21.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.P.P.B.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 16/02/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.P.P.B.**, mediante escrito de data 06/02/2023 (Rexistro de entrada nº 3.213).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 15/02/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **M.P.P.B.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **350,00 €**, en concepto de alugueiro da súa vivenda.

**22.- ACHEGAS PARA PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACCIÓN
SOCIAL. EJERCICIO 2021**

Vista a proposta de resolución definitiva presentada pola **Comisión Avaliadora de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2021**, de data 02/12/2022, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2021.



Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/02/2023.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pago de achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2021 por entidades sen ánimo de lucro, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

A) ASOCIACIÓNS DE MAIORES

ENTIDADE	Importe SUBVENCIÓN
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIBEIRA	639,50 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE PALMEIRA	192,50 €
ASOCIACIÓN A.G.A.D.E.A.	755,00 €

23.- CONCESION DE PREMIOS E GRATIFICACIÓN DO FESTIVAL DE MURGAS, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2023.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 20/02/2023, relativa á concesion de premios e gratificacións do Festival de Murgas, Comparsas e Carrozas do Entroido 2023.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a concesión de premios e gratificacións aos gañadores en cada unha das modalidades, así como o inicio do trámite para abonar os correspondentes premios económicos:

PREMIOS FASE CONCURSO – CATEGORÍA MURGAS ADULTAS

<u>PREMIO</u>	<u>NOME DA MURGA</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou ENTIDADE</u>	<u>PREMIO</u>
1º	AQUELARRE PORTUS ÉBORA	ASOCIACIÓN FESTAS DO CARME PORTO DO SON	1.000,00 €
2º	REMEMBER GREASE	ASOCIACIÓN CULTURAL HAVEIRA	500,00 €
3º	OS TUNANTES DA RESIDENCIA	RESIDENCIA DO MAIOR – GERIATROS S.A.	300,00 €

GRATIFICACIÓN

<u>NOME DA MURGA, CARROZA OU COMPARSA PARTICIPANTE</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou Entidade</u>	<u>IMPORTE GRATIFICACIÓN</u>



MURGA ADULTA: CICLO VIDA BOLBORETAS	M ^o PILAR SANTOS SANTIAGO	200 €
COMPARSA: SUPERMINIHÉROES	CONCEPCIÓN GARCÍA TORRADO	200 €
COMPARSA ADULTA: REMEMBER GREASE	ASOCIACIÓN CULTURAL HAVEIRA	200 €
COMPARSA INFANTIL: ÁFRICA	ALFA ASOCIACIÓN CULTURAL	200 €
COMPARSA INFANTIL: CIRCUS	ORLANDO QUIRINO GONZALEZ CRUZ	200 €
MURGA INFANTIL: HABÍA UNA VEZ UN CIRCO	CARMEN PENA GARCÍA	200 €
MURGA ADULTA TARDE MAL E ARRASTRO: PARAÍSO DE ÁFRICA	MARÍA JESÚS LUGILDE RODRÍGUEZ	200 €
MURGA ADULTA: TOLEARTE	ÁNGELES PÉREZ PÉREZ	200 €
COMPARSA AA.VV.CARREIRA	ASOC. VECIÑAL E CULTURAL CARREIRA	200 €

24.- CANON UNITARIO TRATAMIENTO RESIDUOS DOMÉSTICOS AÑO 2023

EXPEDIENTE: 2023RES-000004

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito remitido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., de data 31 de xaneiro de 2023 (escrito con data 2 de xaneiro de 2023, entrada núm. 2.912), mediante o que se informa ao Concello do establecemento para o ano 2023 dunha bonificación do canon unitario por importe do 15% do canon unitario vixente no ano 2022, e do procedemento para poder beneficiarse da mesma.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

A *Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da *Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*, modificado novamente pola *Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, regulando a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

No ano 2022 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de manter a contía do canon unitario de tratamento aplicado no ano 2022 e



de establecer para o ano 2023 unha bonificación do canon unitario por importe do 15% do canon unitario vixente no ano 2022.

Para poder beneficiarse desta bonificación, o mencionado apartado Tres bis da DA 21ª da *Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*, modificado pola *Lei 7/2022, de 27 de decembro*, establece as condicións que as entidades locais deben cumprir e que, sen prexuízo do alí disposto, se resumen no seguinte:

1. A aplicación da bonificación para o ano 2023 deberá solicitarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. antes do 1 de marzo de 2023 (DOG Núm. 20 do 30 de xaneiro de 2023).

1.1. Aquelas entidades locais que cumprisen no ano 2022 as condicións específicas establecidas nese punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da *Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*, e cumpran igualmente no ano 2023 as novas condicións establecidas nela segundo a modificación operada pola *Lei 7/2022, do 27 de decembro*, de medidas fiscais e administrativas, deben solicitar a Sogama a nova bonificación para o ano 2023.

1.2. Aquelas entidades que non solicitasen a aplicación do canon bonificado no ano 2022, ou ben, solicitándoo, non cumprisen os requisitos establecidos na lei para o seu mantemento, poderán solicitar a súa aplicación para o ano 2023.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse unha declaración, que determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro, pola que a entidade local se compromete a:

- Adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.

- Procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

- Implantación, antes do 31 de decembro de 2023, da recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación do quinto contedor de cor marrón, exceptuándose os concellos de menos de 2.000 habitantes, que deberán ter implantado un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario.

Por último, nos dous primeiros meses do ano 2024, as entidades locais beneficiarias deberán presentar á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., unha certificación emitida polo órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na declaración anterior. No caso de que non se achegase dita certificación ou que se constatase o incumprimento das condicións establecidas, será de



aplicación o canon sen bonificación, polo que se facturará antes do 30 de marzo do ano 2024 o importe da bonificación aplicada o ano anterior.

3. O importe do **canon unitario** por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2023, non se actualiza conforme o índice de prezos de consumo, e se fixa en **66,00** euros tonelada + IVE e o canon bonificado para o mesmo período en **56,10** euros tonelada + IVE.

O Concello de Ribeira cumpriu no ano 2022 as condicións específicas establecidas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da *Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*. Mediante escrito de data 15 de febreiro de 2023 (saída núm. 1.062) remitíronse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. os certificados municipais en relación coa materialización efectiva das medidas previstas para a bonificación do canon, anualidade 2022. Notificación electrónica practicada en data 15 de febreiro de 2023.

3. RESOLUCIÓN

Atendendo ao exposto no apartado anterior, e **visto** o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- **Solicitar a Sogama a nova bonificación para o ano 2023.**
- **Presentar a Sogama unha declaración pola que a entidade local se compromete a:**
 - a) **Adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.**
 - b) **Procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.**
 - c) **Implantar, antes do 31 de decembro de 2023, a recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación do quinto contedor de cor marrón.**

25.- SOLICITUDE TARXETA DE ACCESO TEMPORAL A APARCADOIRO DA PRAZA DO CENTENARIO – María Mercedes Blanco Vidal

Visto o escrito presentado por **María Mercedes Blanco Vidal**, de data 21/02/2023 (Registro de entrada nº 4.489), no que solicita unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario (Ribeira), xa que debido ás obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro non ten acceso á súa praza de garaxe.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, **acorda** que lle sexa facilitada unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario mentres estén en marcha as obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro.



26.- SINALIZACIÓN DE ESTACIONAMENTOS NO ENTORNO DA PRAZA DOS MUIÑOS (RIBEIRA)

Visto o informe-proposta emitido pola Policía Local, de data 21/02/2023, relativo á sinalización de estacionamentos no entorno da Praza dos Muiños (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a proposta de sinalización de estacionamentos no entorno da Praza dos Muiños (Ribeira), segundo o sinalado no citado informe policial.
- Deberá incluír dúas prazas con limitación horaria de 15' (de cor azul) preto do cruce coa rúa Irmandiños.
- Así mesmo, incluír un estreito "paso de peóns" para darlle continuidade á beirarrúa da banda esquerda da vía, según sentido ascendente, debendo rebaixarse os bordillos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:05 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 23/02/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 23/02/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/02/2023 14:28:58

DOCUMENTO: 20231040119
Fecha: 23/02/2023
Hora: 14:28

